



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2014/15 |
|-------------------------|---|--------------|---------------------------|---|---------|
| Asignatura (*) | Avaliación dos trastornos da linguaxe e audición desde a práctica clínica | | Código | 652498021 | |
| Titulación | Mestrado Interuniversitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2012) | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 1.5 | |
| Idioma | Castelán | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Psicoloxía Evolutiva e da Educación | | | | |
| Coordinación | Mayor Cinca, M ^a Ángeles | | Correo electrónico | mayor@usal.es | |
| Profesorado | Duran Bouza, Montserrat Gorospe Arocena, José Manuel Mayor Cinca, M ^a Ángeles Vicente , Conrado | | Correo electrónico | montserrat.duran.bouza@udc.es jmgoroaro@gmail.com mayor@usal.es conrad@usal.es | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | | | | | |

Competencias da titulación

| Código | Competencias da titulación |
|--------|--|
| A1 | Os estudantes saberán aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación empregados na avaliación da linguaxe oral.. |
| A2 | Os estudantes poderán levar a cabo a avaliación de trastornos específicos da linguaxe oral, tales como as disartrias, alteracións da linguaxe no envellecemento e trastornos dexenerativos, as alteracións da linguaxe en enfermidades mentais, trastornos do espectro autista, etc. |
| B3 | Os estudantes poderán comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo. |
| B4 | Os estudantes serán capaces de tomar decisións con autonomía e responsabilidade. |
| C1 | Os alumnos/as saberán utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ó longo da súa vida. |
| C3 | Os estudantes valorarán a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

Resultados da aprendizaxe

| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación | | |
|---|----------------------------|------------|------------|
| XERAIAS DA MATERIA Poden describir coherentemente as bases biolóxicas, anatómicas e neuropsicolóxicas dos problemas da linguaxe e a comunicación. Poden informar sobre a clasificación, a terminoloxía e a descrición dos trastornos da linguaxe e a comunicación. Son capaces de recoñecer e discriminar entre a variedade das alteracións: os trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe, trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociadas a déficit auditivas e visuais, o déficit de atención, os trastornos do espectro autista, os trastornos específicos da linguaxe escrita; as dificultades de lectura; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo e as inhibicións da linguaxe. Poden describir as funcións da Intervención na área da linguaxe e a comunicación: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento. | AP1 AP2 | BP3 BP4 | CP1 CP3 |

Contidos

| Temas | Subtemas |
|---|----------|
| Prof. José Manuel Gorospe Arocena | |
| 1.- Introducción. Obxectivos da avaliación na práctica clínica. | |



| | |
|---|--|
| 2.- Avaliación audiolóxica no neno e no adulto. Probas subxectivas e obxectivas. Audiometría verbal. Escalas funcionais. | |
| 3.- Valoración da minusvalidez nos trastornos da linguaxe, fala, voz e audición. Aplicación da Clasificación internacional do funcionamento e a minusvalidez da OMS (CIF). | |
| Prof. Conrado Vicente y profra. M ^a Angeles Mayor | |
| 4.- A avaliación cognitiva. Necesidade da avaliación cognitiva nos trastornos da linguaxe e a audición. Características xerais da avaliación cognitiva en alumnos de educación. | |
| 5.- Avaliación do fala e da linguaxe. Características xerais da avaliación lingüística en alumnos con problemas da linguaxe e a audición. Procedementos de avaliación. | |
| 6.- O informe de avaliación. | |

| Planificación | | | |
|------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | 3 | 5 | 8 |
| Lecturas | 2 | 4 | 6 |
| Discusión dirixida | 3 | 0 | 3 |
| Obradoiro | 4 | 7 | 11 |
| Portafolios do alumno | 0 | 3 | 3 |
| Traballos tutelados | 1 | 1 | 2 |
| Proba obxectiva | 1 | 3 | 4 |
| Atención personalizada | 0.5 | 0 | 0.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | <p>Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo:</p> <p>Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario.</p> <p>Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo.</p> <p>No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abranguer ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia</p> |
| Lecturas | Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas |
| Discusión dirixida | A discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respostas ao conxunto da clase, abríndose unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a |
| Obradoiro | A materia considera a realización de prácticas na aula. Estas realizaranse en formato de taller. |



| | |
|-----------------------|--|
| Portafolios do alumno | En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso |
| Traballos tutelados | Os estudantes non realizarán por cuadrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como tutores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un tutor responsable. A relación de estudantes e tutores responsables comunicárase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os tutores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao tutor responsable quen cualificará o traballo. Dado que en segundo cuadrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu tutor e o acordo dos seus profesores poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumprir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres tutores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuadrimestre |
| Proba obxectiva | Ao finalizar cada cuadrimestre os estudantes realizarán unha proba de avaliación única. Esta proba terá o formato de proba obxectiva e nela avaliaranse conxuntamente todas as materias. Para configurar a proba e dispor dun arsenal potencial, o profesorado remitirá 5 preguntas por crédito impartido nunha materia. Aos estudantes entregaráselles un cuestionario onde figurarán identificadas as materias coas preguntas que lles corresponden e contestarán só a aquelas nas que estean matriculados. A cualificación obtida en cada materia será remitida ao profesor/a correspondente para que a inclúa na avaliación do estudante. Quen suspendan unha materia recibirán indicacións do seu profesor/a para a súa recuperación. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
| | |

Avaliación

| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|------------|---------------|
| Sesión maxistral | | 10 |
| Lecturas | | 10 |
| Discusión dirixida | | 10 |
| Portafolios do alumno | | 40 |
| Proba obxectiva | | 20 |
| Traballos tutelados | | 10 |

Observacións avaliación

